

2009-2012, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 13, do 17 de novembro de 2008, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 1281, segunda columna, oitavo parágrafo, onde di: «... coa realización dunha segunda edición e a súa posible continuidade como estatística cuatrienal...», debe dicir: «... coa realización dunha terceira edición e a súa posible continuidade como estatística bienal...».

Na páxina 1326, primeira columna, 5387 Calidade das augas de consumo humano, Descrición xeral (principais variables), onde di: «... territorial, hidrolóxico e tipoloxía.», debe dicir: «... territorial, hidrolóxico e tipoloxía. Por combinación de censo e mostraxe.».

Na páxina 1326, primeira columna, 5388 Calidade das augas de baño, Descrición xeral (principais variables), onde di: «... territorial, hidrolóxico e tipoloxía.», debe dicir: «... territorial, hidrolóxico e tipoloxía. Por combinación de censo e mostraxe.».

Na páxina 1333, segunda columna, 5503 Asuntos xudiciais sociais, Organismos que interveñen, onde di: «MTAS», debe dicir: «MTIN».

Na páxina 1350, primeira columna, 5712 Calidade do aire, Organismos que interveñen, onde di: «Instituto de Saúde Carlos III (MSCO)», debe dicir: «Instituto de Saúde Carlos III (MICINN)».

20839 *REAL DECRETO 2126/2008, do 26 de decembro, polo que se modifican o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, así como o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo. («BOE» 312, do 27-12-2008.)*

O dereito á dedución constitúe un dos elementos esenciais do imposto sobre o valor engadido. Neste senso, reiterada xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas ten subliñado a necesidade de que tal dereito poida ser exercido polos suxeitos pasivos de forma inmediata. Para tales efectos, débese lembrar que, sendo o IVE un tributo que recae sobre o consumo, a súa incidencia económica debe ser coincidente con tal finalidade. Por isto, débese evitar aos empresarios ou profesionais o custo financeiro que pode representar o diferimento na percepción das devolucións que o mecanismo de declaración do IVE orixine, especialmente naqueles períodos de declaración en que se realizaron fortes investimentos ou ben cando se ten a intención de comezar o exercicio dunha actividade empresarial ou profesional.

O procedemento xeral de devolución que estivo vixente até a entrada en vigor deste real decreto, permitía a solicitude de devolucións á fin de cada período de liquidación a un grupo reducido de suxeitos pasivos. Tomábase en consideración para isto o carácter recorrente que a natureza das operacións que desenvolvían determinaba no signo das súas declaracións-liquidacións periódicas. No resto dos casos, as solicitudes de devolución quedaban diferidas á declaración que se debía presentar no último período de liquidación, xerando con isto un aumento da presión fiscal indirecta de difícil xustificación na actualidade.

Nestas circunstancias, e unha vez realizada a oportuna revisión da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, concretamente mediante a modificación dos seus artigos 115 e, fundamentalmente, 116,

este real decreto ten por finalidade esencial arbitrar un sistema de devolución mensual de carácter voluntario para os suxeitos pasivos. Este sistema alicérase nos principios de xeneralidade no seu ámbito subxectivo e de simplicidade na súa formulación, sen prexuízo de que se salvagarde a necesaria loita contra a fraude fiscal mediante o establecemento duns requisitos básicos de acceso e permanencia no sistema.

En relación coa xeneralidade na súa formulación, o novo sistema pivota na creación dun rexistro de devolución mensual. A diferenza do que acontecía até o de agora no extinto rexistro de exportadores, teñen acceso a el a gran maioría dos suxeitos pasivos que deban tributar polo IVE, moi especialmente os empresarios ou profesionais que se convertan en tales na medida en que adquiran bens ou servizos coa intención de os destinaren ao exercicio dunha actividade empresarial ou profesional.

Canto ao funcionamento do rexistro, a súa entrada artúclase, en liña co funcionamento básico do sistema censual vixente, por medio dunha declaración censual específica salvo para os suxeitos pasivos que estiveren inscritos no rexistro de exportadores, para os cales a norma prevé a súa inclusión automática. En todo caso, os prazos para solicitar a inscrición no rexistro configúranse cunha gran flexibilidade.

No referente aos requisitos básicos para a inscrición no rexistro, débese facer mención expresa da obriga de presentar as declaracións do imposto por vía telemática e con periodicidade mensual. Esta obriga constitúe un elemento imprescindible para facer compatible a axilidade na devolución coa subministración inmediata á Administración dos datos consignados nas declaracións-liquidacións. Así mesmo, a inscrición no rexistro coordínase coa obriga de fornecer información sobre as operacións incluídas nos libros rexistro recollida no artigo 36 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo. Asemade, difírese o cumprimento desta obriga para o resto de suxeitos pasivos até 2010, coa intención de cumprir co obxectivo de redución de cargas administrativas. No mesmo senso e co obxecto de tramitar coa máxima axilidade as solicitudes de devolución, a inscrición no rexistro faise plenamente compatible coa alta no servizo de notificacións en enderezo electrónico para as comunicacións que realice a Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Como complemento ao novo sistema de devolución mensual e en execución do Acordo da Administración xeral do Estado co Departamento de Transporte de Mercadorías do Comité Nacional do Transporte por Estrada do 11 de xuño de 2008 e do Acordo da Administración xeral do Estado co Departamento de Transporte de Viaxeiros do Comité Nacional do Transporte por Estrada do 19 de xuño de 2008, este real decreto contén unha previsión específica en virtude da cal se establece a devolución inmediata das cotas deducibles pola adquisición de medios de transporte aos empresarios ou profesionais que exerzan a actividade de transporte de viaxeiros ou de mercadorías por estrada.

Noutra orde de cousas, incorpóranse mediante este real decreto unha serie de preceptos que afectan, todos eles, o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

En concreto, modifícase o artigo 32 do citado regulamento para excluír da obriga informativa a que se refire o precepto os obrigados tributarios que realicen operacións suxeitas ao imposto xeral indirecto canario e deban cumprir coa obriga regulada no artigo 36 do

mesmo corpo regulamentario. Ao mesmo tempo, adécase neste último precepto a referencia normativa en relación cos libros rexistro vinculados ao citado imposto nos termos xa mencionados.

Así mesmo, introdúcese unha nova causa de dilación non imputable á Administración tributaria na tramitación dos procedementos de aplicación dos tributos relacionada tamén coa falta de presentación da declaración informativa a que se refire o xa citado artigo 36, con expresión da fórmula de cálculo desa dilación.

Modifícase tamén a norma contida no artigo 146.1.c do reiterado texto regulamentario para regular a posibilidade de acordar a baixa nos rexistros de operadores intracomunitarios e de devolución mensual no cadro do procedemento de rectificación censual e realízase a actualización de determinadas disposicións transitorias co obxecto de modificar o momento de entrada en vigor de determinados preceptos regulamentarios, relacionados nuns casos con obrigas de información, como son as reguladas nos artigos 36, 38 e 54 do regulamento e, noutro, coa información censual que se debe subministrar á Administración tributaria, como é o referido á utilización da CNAE nas declaracións censuais.

Este real decreto complétase cunha disposición adicional, a fin de substituír as referencias existentes na actualidade ao rexistro de exportadores e outros operadores económicos ao novo rexistro de devolucions mensuais, dúas disposicións transitorias, que establecen un prazo especial para a solicitude de inscrición en 2009 e a inclusión automática no novo rexistro dos que estaban inscritos no rexistro de exportadores, respectivamente, unha disposición derogatoria única e unha disposición derradeira, que prevé a data de entrada en vigor do real decreto no día 1 de xaneiro de 2009.

Na súa virtude, por proposta do Ministro de Economía e Facenda, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de decembro de 2008,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.

Un. Dáse nova redacción ao artigo 30, que queda redactado como segue:

«Artigo 30. *Devolucións ao termo de cada período de liquidación.*

1. Para poder exercer o dereito á devolución establecido nos artigos 116 e 163 nonies da Lei do imposto, os suxeitos pasivos deberán estar inscritos no rexistro de devolución mensual regulado neste artigo. Noutro caso, soamente poderán solicitar a devolución do saldo que teñan ao seu favor ao termo do derradeiro período de liquidación de cada ano natural de acordo co disposto no artigo 115.un da Lei do imposto.

2. O rexistro de devolución mensual será xestionado pola Axencia Estatal de Administración Tributaria, sen prexuízo do disposto nas normas reguladoras dos réximes de Concerto Económico coa Comunidade Autónoma do País Vasco e do Convenio Económico coa Comunidade Foral de Navarra.

3. Serán inscritos no rexistro, precedendo solicitude, os suxeitos pasivos en que concorran os seguintes requisitos:

a) Que soliciten a inscrición mediante a presentación dunha declaración censual, no lugar e forma que estableza o ministro de Economía e Facenda.

b) Que se encontren ao día nas súas obrigas tributarias, nos termos a que se refire o artigo 74 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

c) Que non se encontren nalgún dos supostos que poderían dar lugar á baixa cautelar no rexistro de devolución mensual ou á revogación do número de identificación fiscal, previstos nos artigos 144.4 e 146.1 b), c) e d) do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

d) Que non realicen actividades que tributen no réxime simplificado.

e) No caso de entidades acollidas ao réxime especial do grupo de entidades regulado no capítulo IX do título IX da Lei do imposto, a inscrición no rexistro soamente procederá cando todas as entidades do grupo que apliquen ese réxime especial así o acordasen e reúnan os requisitos establecidos neste número.

O incumprimento dos requisitos por parte de calquera destas entidades carretará a inadmisión ou, se for o caso, a exclusión do rexistro de devolución mensual da totalidade das entidades do grupo que apliquen o réxime especial.

A solicitude de inscrición no rexistro e, se for o caso, a solicitude de baixa, deberán ser presentadas á Administración tributaria pola entidade dominante e deberán referir á totalidade das entidades do grupo que apliquen o réxime especial.

As actuacións dirixidas a tramitar as solicitudes de inscrición ou baixa no rexistro, ben como á comprobación do mantemento dos requisitos de acceso a el en relación con entidades xa inscritas, entenderanse coa entidade dominante na súa condición de representante do grupo de acordo co disposto polo artigo 163 nonies.dous da Lei do Imposto.

4. As solicitudes de inscrición no rexistro presentaranse no mes de novembro do ano anterior a aquel en que deban producir efectos. A inscrición no rexistro realizarase desde o día 1 de xaneiro do ano en que deba producir efectos.

Non obstante, os suxeitos pasivos que non soliciten a inscrición no rexistro no prazo establecido no parágrafo anterior, ben como os empresarios ou profesionais que non iniciasen a realización de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais pero adquirisen bens ou servizos coa intención, confirmada por elementos obxectivos, de os destinar ao desenvolvemento de tales actividades, poderán igualmente solicitar a súa inscrición no rexistro durante o prazo de presentación das declaracións-liquidacións periódicas. En ambos os casos, a inscrición no rexistro producirá efectos desde o día seguinte a aquel en que finalice o período de liquidación das citadas declaracións-liquidacións.

A entidade dominante dun grupo que vaia optar pola aplicación do réxime especial do grupo de entidades regulado no capítulo IX do título IX da Lei do imposto en que todas elas acordasen, así mesmo, solicitar a inscrición no rexistro, deberá presentar a solicitude conxuntamente coa opción polo citado réxime especial, na mesma forma, lugar e prazo que

esta, e producirá efectos desde o inicio do ano natural seguinte. No suposto de que os acordos para a inscrición no rexistro se adoptasen con posterioridade, a solicitude deberase presentar durante o prazo de presentación das declaracións-liquidacións periódicas, e producirá efectos desde o día seguinte a aquel en que finalice o período de liquidación de tales declaracións-liquidacións.

A presentación de solicitudes de inscrición no rexistro fóra dos prazos establecidos implicará a súa desestimación e arquivo sen máis trámite que o de comunicación ao suxeito pasivo.

5. Os suxeitos pasivos poderán entender desestimada a solicitude de inscrición no rexistro se, transcorridos tres meses desde a súa presentación, non recibiron notificación expresa da resolución do expediente.

6. O incumprimento dalgún dos requisitos establecidos no número 3 anterior, ou a constatación da inexactitude ou falsidade da información censal facilitada á Administración tributaria, será causa suficiente para a denegación da inscrición no rexistro ou, caso de se tratar de suxeitos pasivos xa inscritos, para a exclusión pola Administración tributaria dese rexistro.

A exclusión do rexistro producirá efectos desde o primeiro día do período de liquidación en que se notificou o respectivo acordo.

A exclusión do rexistro determinará a inadmisión da solicitude de inscrición durante os tres anos seguintes á data de notificación da resolución que acorde esta.

7. Os suxeitos pasivos inscritos no rexistro de devolución mensual estarán obrigados a permanecer nel cando menos durante o ano para o cal se solicitou a inscrición ou, tratándose de suxeitos pasivos que solicitaron a inscrición durante o prazo de presentación das declaracións-liquidacións periódicas ou de empresarios ou profesionais que non iniciaron a realización de entregas de bens ou prestacións de servizos correspondentes a actividades empresariais ou profesionais, polo menos durante o ano en que solicitan a inscrición e o inmediato seguinte.

8. As solicitudes de baixa voluntaria no rexistro presentaranse no mes de novembro do ano anterior a aquel en que deban producir efectos. No suposto dun grupo que aplique o réxime especial do grupo de entidades regulado no capítulo IX do título IX da Lei do imposto, a solicitude de baixa voluntaria será presentada pola entidade dominante no prazo e cos efectos establecidos polo artigo 61 bis.5 deste regulamento.

Non obstante, os suxeitos pasivos estarán obrigados a presentar a solicitude de baixa no rexistro cando deixen de cumprir o requisito a que se refire a alínea d) do número 3 deste artigo. Esta solicitude deberase presentar no prazo de presentación da declaración-liquidación correspondente ao mes en que se produza o incumprimento, e producirá efectos desde o inicio dese mes.

Non se poderá volver a solicitar a inscrición no rexistro no mesmo ano natural para o cal o suxeito pasivo tiver solicitado a baixa nel.

9. As solicitudes de devolución consignadas en declaracións-liquidacións que correspondan a períodos de liquidación distintos do derradeiro do ano natural presentadas por suxeitos pasivos non inscritos no rexistro de devolución mensual, non iniciarán o procedemento de devolución a que se refire este artigo.

10. Os suxeitos pasivos inscritos no rexistro de devolución mensual deberán presentar as súas

declaracións-liquidacións do imposto exclusivamente por vía telemática e con periodicidade mensual.

Así mesmo, deberán presentar a declaración informativa co contido dos libros rexistro do imposto a que fai referencia o artigo 36 do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

11. A inscrición no rexistro de devolución mensual resultará plenamente compatible coa alta no servizo de notificacións en enderezo electrónico para as comunicacións que realice a Axencia Estatal de Administración Tributaria. No caso de entidades acollidas ao réxime especial do grupo de entidades regulado no capítulo IX do título IX da Lei do imposto, a inscrición no mencionado servizo, se for o caso, deberá ser cumprida pola entidade dominante.

12. A devolución que corresponda será efectuada exclusivamente por transferencia bancaria á conta que indique para o efecto o suxeito pasivo en cada unha das súas solicitudes de devolución mensual».

Dous. Engádesse o artigo 30 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 30 bis. *Devolución de cotas deducibles aos suxeitos pasivos que exerzan a actividade de transporte de viaxeiros ou de mercadorías por estrada.*

1. Non obstante o establecido no artigo 30 deste regulamento, os suxeitos pasivos que exerzan a actividade de transporte de viaxeiros ou de mercadorías por estrada, tributen polo réxime simplificado do imposto e, cumprindo os requisitos establecidos nas alíneas b) e c) do artigo 30.3 deste regulamento, soportasen cotas deducibles do imposto como consecuencia da adquisición de medios de transporte afectos a tales actividades, poderán solicitar a devolución desas cotas deducibles durante os primeiros 20 días naturais do mes seguinte a aquel en que realizen a adquisición dos medios de transporte, conforme o procedemento, lugar e forma que estableza para o efecto o ministro de Economía e Facenda.

Os medios de transporte a que se refire o parágrafo anterior que fosen adquiridos polos suxeitos pasivos que exerzan a actividade de transporte de mercadorías por estrada, deberán estar comprendidos na categoría N1 e ter polo menos 2.500 quilos de masa máxima autorizada ou nas categorías N2 e N3, todas elas do anexo II da Directiva 70/156/CEE do Consello, do 6 de febreiro de 1970.

2. O disposto neste artigo non resultará de aplicación aos suxeitos pasivos que opten por consignar as referidas cotas deducibles nas declaracións-liquidacións que correspondan de acordo co disposto no artigo 38.2 deste regulamento.»

Artigo segundo. *Modificación do Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.*

Introdúcense as seguintes modificacións no Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos

tributos, aprobado polo Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo.

Un. Modifícase o artigo 32.1.e), que queda redactado como segue:

«e) Os obrigados tributarios que deban informar sobre as operacións incluídas nos libros rexistro de acordo co artigo 36, salvo cando realicen as operacións seguintes:

As subvencións, os auxilios ou as axudas satisfeitas polas entidades integradas nas distintas Administracións públicas a que se refire o parágrafo segundo do artigo 31.2.

As operacións a que se refiren as alíneas d), e), f), g), h) e i) do artigo 34.1.

As operacións suxeitas ao imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas Cidades de Ceuta e Melilla.»

Dous. Modifícase o artigo 36, que queda redactado como segue:

«Artigo 36. *Obriga de informar sobre operacións incluídas nos libros rexistro.*

De acordo co disposto no artigo 29.2.f) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, os obrigados tributarios que deban presentar autoliquidacións ou declaracións correspondentes ao imposto sobre sociedades, ao imposto sobre o valor engadido ou ao imposto xeral indirecto canario por medios telemáticos, estarán obrigados a presentar unha declaración informativa co contido dos libros rexistro a que se refire o artigo 62.1 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, e o artigo 30.1 do Decreto 182/1992, do 15 de decembro, da Comunidade Autónoma de Canarias, polo que se aproban as normas de xestión, liquidación recadación e inspección do imposto xeral indirecto canario e a revisión dos actos ditados na súa aplicación.

Existirá obriga de presentar unha declaración informativa por cada período de liquidación do imposto sobre o valor engadido ou do imposto xeral indirecto canario. Esta declaración conterá os datos anotados até o derradeiro día do período de liquidación a que se refira e deberase presentar no prazo establecido para a presentación da autoliquidación do imposto correspondente a ese período.»

Tres. Engádense unha nova alínea h) ao artigo 104:

«h) A falta de presentación en prazo da declaración informativa co contido dos libros rexistro regulada no artigo 36 deste regulamento. A dilación computarase desde o inicio dun procedemento en que poida producir efectos, até a data da súa presentación.»

Catro. Modifícase o artigo 146.1.c), que queda redactado como segue:

«c) Cando concorran os supostos regulados no artigo 131.1 do texto refundido da Lei do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2004, do 5 de marzo. Neste suposto, ademais, a Administración tributaria poderá dar de baixa o obrigado tributario nos rexistros de operadores intracomunitarios e de devolución mensual.»

Cinco. Modifícase a disposición transitoria terceira, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria terceira. Obrigas de información de carácter xeral.

1. O disposto na sección 2.^a do capítulo V do título II deste regulamento será aplicable á información para subministrar correspondente ao ano 2008, salvo o disposto nos números seguintes.

2. A obriga de informar sobre as operacións incluídas nos libros rexistro a que se refire o artigo 36 deste regulamento será exigible desde o 1 de xaneiro de 2009 unicamente para aqueles suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido inscritos no rexistro de devolución mensual regulado no artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, e para aqueles suxeitos pasivos do imposto xeral indirecto canario inscritos no rexistro de devolución mensual regulado no artigo 8 do Decreto 182/1992, do 15 de decembro, da Comunidade Autónoma de Canarias. Para os restantes obrigados tributarios, o cumprimento desta obriga será exigible por primeira vez para a información para subministrar correspondente ao ano 2010, de acordo coa forma, prazos e demais condicións para o seu cumprimento que estableza o ministro de Economía e Facenda.

3. As obrigas de información sobre préstamos e créditos, ben como a referente a operacións financeiras relacionadas con bens inmoables reguladas nos artigos 38 e 54 deste regulamento, respectivamente, serán exigibles por primeira vez para a información para subministrar correspondente ao ano 2009. A información para subministrar relativa a operacións realizadas en 2008, limitarase á correspondente aos préstamos hipotecarios concedidos para a adquisición de vivendas de acordo co establecido no artigo 105.2.a) da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, nos termos desenvolvidos pola Orde do 30 de xullo de 1999 pola que se aproba o modelo 181 de declaración informativa de préstamos hipotecarios concedidos para a adquisición de vivendas.»

Seis. Modifícase a disposición transitoria cuarta, que queda redactada como segue:

«Disposición transitoria cuarta. Declaración das actividades económicas desenvolvidas de acordo coa codificación prevista na CNAE-2009.

En canto non se producira a oportuna modificación do disposto na disposición adicional quinta, número 3.e) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, a remisión á codificación prevista no Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación nacional de actividades económicas 2009 (CNAE-2009) contida no artigo 5.b).10.^o deste regulamento, entenderase realizada á codificación prevista para efectos do imposto sobre actividades económicas.»

Disposición adicional única. *Referencias ao rexistro de exportadores e outros operadores económicos.*

As referencias ao rexistro de exportadores e outros operadores económicos deberán entenderse realizadas ao rexistro de devolución mensual que se regula no artigo 30 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, que o substitúe para todos os efectos.

Disposición transitoria primeira. *Solicitud de inscricións no rexistro de devolución mensual para 2009.*

Exclusivamente para as inscricións no rexistro de devolución mensual que deban producir efectos desde o 1 de xaneiro do ano 2009, os prazos xerais de solicitude de inscrición previstos no primeiro e terceiro parágrafo de artigo 30.4 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, estenderanse até o día 30 de xaneiro dese ano.

Disposición transitoria segunda. *Inscrición automática no rexistro de devolución mensual.*

Os suxeitos pasivos que se encontraren inscritos no rexistro de exportadores e outros operadores económicos na data de entrada en vigor deste real decreto e reúnan os requisitos establecidos no artigo 30.3 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, con exclusión do disposto na alínea a) dese precepto, quedarán automaticamente inscritos no novo rexistro de devolución mensual para todos os efectos, salvo que soliciten a baixa deste no prazo establecido na disposición transitoria primeira.

Disposición derogatoria única. *Falta de resolución en prazo de determinados procedementos tributarios.*

Queda derogado o punto un.10 da disposición adicional primeira do Real decreto 1065/2007, do 27 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral das actuacións e os procedementos de xestión e inspección tributaria e de desenvolvemento das normas comúns dos procedementos de aplicación dos tributos.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2009.

Dado en Madrid o 26 de decembro de 2008.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda,
PEDRO SOLBES MIRA

MINISTERIO DE TRABAJO E INMIGRACIÓN

20957 *REAL DECRETO 2127/2008, do 26 de decembro, sobre revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social e doutras prestacións sociais públicas para o exercicio 2009.* («BOE» 314, do 30-12-2008.)

A Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, contén, dentro do seu título IV, os criterios de revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social para o dito exercicio, e prevé a súa revalorización de acordo co índice de inflación previsto.

De acordo coas previsións legais, este real decreto establece unha revalorización xeral das pensións da Seguranza Social, incluído o límite máximo de percepción

de pensións públicas, do 2 por cento, ben que incorporando na revalorización o diferencial da evolución do índice de prezos de consumo (IPC) no ano 2008 (período de novembro de 2007 a novembro de 2008) respecto da revalorización practicada no último exercicio indicado. Ademais, e de acordo co previsto na disposición adicional décimo segunda da Lei 2/2008, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2009, prevese o aboamento aos pensionistas da Seguranza Social e a outros perceptores de prestacións sociais públicas, nun único pagamento e antes de abril de 2009, da diferenza de pensión ou prestación que correspondería de terse revalorizado a súa pensión ou prestación, en 2008, no 2,4 por cento e a cantidade realmente percibida no dito exercicio.

Así mesmo, mediante este real decreto faise uso da autorización contida no punto cinco da disposición adicional décimo segunda da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2009, actualizando os valores consignados no título IV e nas disposicións adicionais primeira e segunda daquela, relativos a pensións e a outras prestacións sociais públicas, ao adaptar o seu importe ao incremento real experimentado polo IPC, no período novembro 2007-novembro 2008.

A revalorización das pensións da Seguranza Social nos termos sinalados supón o mantemento do seu poder adquisitivo de conformidade coas previsións do artigo 48 do texto refundido da Lei xeral da Seguranza Social, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, na redacción dada pola Lei 24/1997, do 15 de xullo, de consolidación e racionalización do sistema da Seguranza Social.

Por outra parte, de conformidade coas previsións legais e atendendo ao compromiso do Goberno de mellorar a contía das pensións mínimas por enriba da revalorización xeral, prevense incrementos que, no que ás prestacións de carácter contributivo se refire, oscilan entre o 7,22 e o 3,40 por cento, segundo os casos.

Así mesmo, actualízase o límite de ingresos compatibles coa condición de beneficiario das asignacións por fillo ou menor acollido a cargo, así como as contías de tales asignacións en favor de fillos discapacitados con 18 ou máis anos, e procédese á mellora das pensións contributivas de menor contía polas continxencias de xubilación, incapacidade permanente e viuvez dos que formen unha unidade familiar unipersonal, en cumprimento das prescricións que ao respecto se conteñen na Lei 40/2007, do 4 de decembro, de medidas en materia de Seguranza Social.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Traballo e Inmigración, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de decembro de 2008,

DISPONGO:

TÍTULO I

Pensións do sistema da Seguranza Social na súa modalidade contributiva

CAPÍTULO I

Normas comúns

Artigo 1. *Obxecto.*

Mediante este real decreto procédese ao desenvolvemento das previsións contidas, en materia de revalorización das pensións do sistema da Seguranza Social e doutras prestacións sociais públicas, na Lei 2/2008, do 23 de decem-